



MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE INSTALACIÓNS DE TERRAZAS E VELADORES.

CAPITULO I.- OBXECTO, ÁMBITO E LIMITACIÓNS XERAIS:

Art. 1.- Obxecto.

Art. 2.- Ámbito.

Art. 3.- Limitacións xerais.

Art. 4.- Discrecionalidade no outorgamento da autorización administrativa: criterios xerais e límites.

CAPÍTULO II.- CONDICIÓNS DE INSTALACIÓN EN BEIRARRÚAS DE RÚAS CON CIRCULACIÓN RODADA.-

Art. 5.- Desenvolvemento lonxitudinal.

Art. 6.- Ocupación.

Art. 7.- Protección lateral e elementos de sombras.

CAPITULO III.- CONDICIÓNS DE INSTALACIÓN EN ÁREAS PEONÍS, PRAZAS E ESPAZOS LIBRES.-

Art. 8.- Prazas e espazos libres

Art. 9.- Zonas de estacionamento

CAPITULO V.- RÉXIME XURÍDICO

Art. 10.- Licenza Municipal.

Art 11.- Informes e resolución.

Art. 12.- Condicións da licenza.

Art. 13.- Vixencia

Art. 14.- Renovación.

Art. 15- Horario de funcionamento.

Art. 16.- Obrigacións da persoa titular da licenza.

CAPÍTULO V.- RÉXIME DISCIPLINARIO

Art. 17.- Instalacións sen licenza.

CAPITULO VI.- INFRACCIÓNS E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Art. 18.- Infraccións



Art. 19. -Clasificacións das infraccións

Art. 20.- Infraccións moi graves

Art. 21. - Infraccións graves

Art. 22 -. Infraccións leves

Art. 23 -. Medidas Cautelares.

Art.- 24-. Sancións

Art.- 25-. Procedemento Sancionador

CAPÍTULO VII.- TAXAS POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON TERRAZAS E ESTRUTURAS AUXILIARES

Art.-26. Natureza e feito imponible

Art.-27. Suxeitos Pasivos

Art.-28. Tarifas

Art.-29. Devenho (devengo)

Art.-30. Xestión

Art.-31. Normas xerais

DISPOSICIÓN FINAIS

CAPITULO I.- OBXECTO, ÁMBITO E LIMITACIÓN XERAIS.

Art. 1.- Obxecto.

1.- O obxecto da presente Ordenanza é establecer o réxime técnico e xurídico aplicable ás instalacións e funcionamento das terrazas e veladores en espazos de uso público ou acceso libre que sirvan de complemento temporal a un establecemento legalizado de hostalaría.

2.- Aos efectos do apartado anterior, enténdese por terrazas e veladores o conxunto das mesas e asentos e das súas instalacións auxiliares, fixas ou móbiles, tales como antucas (parasoles), pescantes, toldos, cubricións, proteccións laterais, alumeado, dotacións de calor, etc. Tamén son elementos vinculados ás terrazas os toldos móbiles e as tarimas.

3.- O módulo tipo de velador está constituído por 1 mesa e 4 cadeiras dunhas dimensións de 1,70 metros x 1,70 metros e unha altura de mesa de 70 e 80 centímetros e cunha superficie de ocupación de 3 metros cadrados. Admítense outro tipo de módulos: 1 mesa e 1 cadeira (1 metro cadrado); 1 mesa e 2 cadeira enfrontadas (1,20 metros cadrados) ou 1 mesa e 3 cadeiras (2,10 metros cadrados)

4.- A presente Ordenanza pretende introducir precisións, aclaracións e argumentos técnicos que contribúan a que as zonas de tránsito público convertan os espazos polos que transitan os/as



veciños/as en lugares máis modernos, máis habitables, transitables e humanizados. O obxectivo final é mellorar a convivencia cidadá entre todas as persoas que habitan os pobos e os barrios do municipio de Barbadás.

Art. 2.- Ámbito.

1.- A presente Ordenanza é aplicable a todos os espazos (rúas, prazas, patios interiores, espazos libres, zonas verdes etc) de uso público, con independencia da súa titularidade.

2.- Non obstante o disposto no artigo anterior, esta normativa non será aplicable ás instalacións complementarias de actividades principais desenvolvidas ao amparo dunha concesión administrativa municipal ou das exercidas con motivo de celebracións ocasionais e de actos festivos populares, con suxeición ao calendario e requisitos establecidos pola Autoridade Municipal competente.

Art. 3.- Limitacións xerais.

1.- Non poderán colocarse terrazas nin veladores en beirarrúas ou espazos peonís que teñan unha anchura inferior a dous metros con cincuenta centímetros (2,50 m).

2.- Quedan prohibidas ditas instalacións fronte ás saídas de emerxencia.

3.- Permitiranse as devanditas instalacións soamente se se instalan a unha distancia mínima de 1,5 m. da fronte de pasos de peóns, paradas de autobuses, cabeceira de aparcadoiro de taxis e colectores de vidro, cartón e lixo (colectores verdes e amarelos). No caso de prazas de aparcadoiro de minusválidos a distancia mínima de separación será de 3 metros.

4.- Non se concederá autorización para instalar terrazas e veladores de maneira suficientemente razoada de xeito temporal por razóns de seguridade viaria, obras públicas ou privadas ou outras circunstancias similares de interese público mentres duren as obras ou persistan tales razóns de interese público.

Art. 4.- Discrecionalidade no outorgamento da autorización administrativa: criterios xerais e límites.

1.- En terreos de uso público, tanto de titularidade pública como privada, as autorizacións administrativas só se outorgarán en tanto a ocupación dos mesmos pola terraza se adecúe á normativa urbanística e demais normas sectoriais que resulten de aplicación. A ocupación de terreos de uso público ten que resultar compatible cos intereses xerais. Será a Administración a que valorando o interese público existente, que se manifesta no relativo á seguridade, á non perturbación do medio ambiente ou os aspectos da estética urbana e atendendo tamén ao establecido na presente ordenanza decida outorgar ou denegar a autorización, o cal fará motivadamente.



Para ese efecto, en todo caso, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

- a) Preferencia do uso común xeral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que as terrazas non mingüen a accesibilidade de todos/as os cidadáns/cidadás aos espazos destinados a uso público en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.
- b) Garantía da seguridade viaria e da fluidez do tráfico e a circulación de todo tipo de vehículos.
- c) Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública.
- d) As instalacións reguladas na presente Ordenanza deberán cumprir as disposicións recollidas na normativa de aplicación sobre ruídos e vibracións, así como a reguladora da protección ambiental en materia de contaminación acústica.
- e) Preservación das árbores, da vexetación e da paisaxe urbanas, así como dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.
- f) Protección do uso, dos dereitos e dos intereses dos/as usuarios/as dos edificios lindeiros.
- g) Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial dos de emerxencia.


CAPÍTULO II.- CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN BEIRARRÚAS DE RÚAS CON CIRCULACIÓN RODADA.-

Art. 5.- Desenvolvemento lonxitudinal.

- 1.- Como regra xeral o desenvolvemento máximo da instalación de cada establecemento será a lonxitude da fachada do local.
- 2.- Se, á marxe dese tope máximo, a instalación proxectada pasa a lonxitude da fachada do local que é soporte da actividade principal a concesión desta ampliación lonxitudinal quedará suxeita ós informes da policía municipal e á concesión da mesma pola Autoridade Municipal.

Art. 6.- Ocupación.

- 1- Sen prexuízo das limitacións recollidas nos artigos 3 e 4, as terrazas e veladores suxeitaranse ás seguintes condicións de ocupación:
 - a) A súa instalación deberá garantir, en todo caso, un itinerario peonil permanente de 1 metro e sesenta centímetros (1,60 metros) mínimo de anchura respecto da fachada e libre de obstáculos.
 - b) Os veladores disporanse lonxitudinalmente ao bordo da beirarrúa e separada do mesmo un mínimo de cincuenta centímetros (50 cm) coa finalidade de non entorpecer a entrada e saída dos/as pasaxeiros/as dos vehículos estacionados:



c) Cando a beirarrúa teña un ancho mínimo de seis metros (6 metros) deberá quedar garantido un itinerario peonil permanente, libre de obstáculos, de dous metros (2 metros) de amplitude respecto da fachada.

d) Deberase respectar unha distancia mínima de 1 metro ó redor dos distintos elementos de mobiliario urbano (bancas, marquesiñas, bancos, sinais de tráfico ou báculos de alumeado) para facilitar e permitir o seu mantemento

2.- Non obstante o establecido no apartado anterior, o itinerario peonil libre poderá ser ampliado a xuízo razoado do órgano competente cando o requira a intensidade do tráfico de viandantes.

3.- Sen prexuízo do disposto nos apartados 1 e 2 deste artigo, para aqueles casos no que o elemento de sombra utilizado sexa un toldo enrollable instalado na fachada, autorizarase a ubicación da terraza xunto á fachada do establecemento.

Art. 7.- Protección lateral e elementos de sombras.

1.- A superficie ocupada pola instalación de veladores deberá quedar delimitada por proteccións laterais que acouten o recinto e permitan identificar o obstáculo aos/ás invidentes. Poderán instalarse cortaventos de cristal cunha altura de 1,50 cm. en tres das catro caras. Os veladores poderán ir complementados na súa cuberta por sombrillas ou toldos.

2.- Outras dúas posibilidades que teñen os establecementos para solicitar unha ocupación de solo público é a instalación de toldos móbiles.



No caso de toldos móbiles ou tarimas con toldos ou parasoles a regra é a mesma que para os veladores convencionais.



3.- En todos os casos enumerados as proteccións laterais serán móbiles, transparentes e sempre axeitadas ás condicións estéticas da contorna. A súa idoneidade quedará suxeita ás condicións establecidas nesta ordenanza.

4.- As proteccións laterais non poderán sobrepasar o ancho autorizado da instalación correspondente e a súa altura non será inferior a un (1) metro, nin superior a un metro con 50 centímetros (1,50 metros).

5.- Respecto ás zonas de sombra serán admisibles as instalacións de elementos de sombra cuxo material predominante sexa a lona nas formas enrollables á fachada ou instalación illada (toldos móbiles). Estes materiais deben utilizarse en toldos e parasoles. A altura mínima dunha instalación illada é de 2,20 metros e a máxima 3,00 metros. En ningún caso impedirán a visibilidade de sinais de circulación nin de establecementos colindantes.

6.- Estarán permitidos os cortaventos laterais nos toldos coa esixencia de que deben ser transparentes e que só se permite cubrir 2 caras laterais.

7.- As condicións respecto das distancias serán as mesmas que para os veladores (50 centímetros entre os veladores e/ou toldos móbiles e a liña do bordo; 1 metro con sesenta centímetros [1,60 metros] de itinerario peoníl mínimo entre a liña de fachada e o velador e/ou a terraza).

8.- A instalación de toldos móbiles ou sombrillas poderán levar anclaxe ao chan, para o que se exixirá o pertinente informe favorable dos servizos técnicos e determinarase a forma para que eses anclaxes non se convirtan en obstáculos na vía pública. Unha vez retirada a estrutura repararase de forma



inmediata e por conta do titular da terraza calquera elemento que podera resultar danado, restablecendo os lugares de anclaxe ao seu estado inicial.

9.- Se para a colocación de calquera elemento destinado a proporcionar climatización fora necesario realizar unha intervención específica na vía pública (conexión eléctrica para a instalación de tuberías, etc) deberá solicitarse previamente licenza específica en atención á entidade da intervención que se concederá tendo en conta a normativa aplicable, incluída a de ámbito sanitario. A concesión ou denegación da licenza fundamentarase en criterios definidos polos/as técnicos/as.

CAPITULO III.- CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN ÁREAS PEONÍS, PRAZAS E ESPAZOS LIBRES.-

Art. 8.- Prazas e espazos libres.

As solicitudes de licenza para a instalación de terrazas e veladores nestes espazos resolveranse pola Administración Municipal segundo as peculiaridades de cada caso concreto e con arranxo ás seguintes limitacións xerais:

- a) A instalación en ningún caso poderá pasar dos dez metros (10 metros) de lonxitude ininterrompida.
- b) Garantirase un itinerario peonil permanente libre de obstáculos con anchura mínima de 1 metro con sesenta centímetros (1,60 metros) segundo as condicións do mobiliario urbano existente.
- c) Quedará asegurada a accesibilidade permanente a locais, portais etc de 1 metro de anchura como mínimo (es será de 1 metro e medio [1,50 metros] naqueles casos nos que sexa necesario realizar xiro ou cambio de dirección para acceder aos mesmos). Deste xeito a entrada a vivendas, vados ou pasos de vehículos deben ter a ambos os dous lados un mínimo de 50 centímetros ou de 75 centímetros nos casos nos que sexa necesario realizar un xiro.
- d) Non poderá obstaculizarse o acceso á calzada dende os portais dos edificios, locais e vivendas nin dificultar os accesos de entradas e saídas de pasos permanentes. Cando excepcionalmente a terraza se coloque pegada á fachada, deberán deixarse libres polo menos 50 centímetros dende o umbral das portas. Nestes espazos non poderán colocarse tampouco mobiliario e accesorios.
- e) En zonas de carga e descarga permítese a colocación de veladores próximos ó bordo da beirarrúa unicamente no horario no que non estea autorizada para este fin.

CAPÍTULO IV.- CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN ZONAS DE ESTACIONAMENTO.

Art. 9.- Zonas de estacionamento (tarimas)

1.- Como regra xeral a instalación de terrazas será na beirarrúa que dá acceso ao establecemento.



2.- Excepcionalmente poderase autorizar a colocación de terrazas na zona de aparcadoiro de vehículos para aqueles locais que non dispoñan de espazo en áreas peonís, previo informe da Policía Local, que acredite que se cumpren as medidas de seguridade, en función do tipo de vía pública en que pretenda situarse. Unha vez instalada a terraza ou tarima o ancho mínimo da calzada non será inferior a 3,50 metros.

3.- A instalación de tarima será obrigatoria en todas aquelas terrazas que estean situadas en calzadas sobre zonas de aparcadoiro en colindancia co tráfico rodado. A tarima superpoñerase sobre a superficie autorizada, encostada ao bordo da beirarrúa, sen exceder o desnivel do mesmo. En todo caso, deberá supervisarse e informarse pola Policía Municipal.

Será esixible ademais un seguro ou póliza que cubra os posibles accidentes ou danos aos usuarios das mesmas, así como a delimitación do perímetro da terraza con un valado decorativo que conformen unha protección de seguridade ante posibles eventualidades e que reúna as condicións mencionadas (as proteccións laterais serán móbiles, transparentes e sempre adecuadas ás condicións estéticas da contorna).

4.- Estas tarimas serán preferentemente de madeira tratada e disporán dun peche lateral ou varanda. Os biombos e elementos de seguridade das tarimas estarán en consonancia coa tarima e a imaxe global da terraza.

CAPITULO V.- RÉXIME XURÍDICO

Art. 10.- Licenza Municipal.

A instalación de terrazas e veladores, dos seus elementos auxiliares, así coma os toldos móbiles e tarimas queda suxeita á previa autorización municipal. Enténdese por elementos auxiliares fixos ou móbiles as antucas, os pescantes, os toldos, as cubricións, as proteccións laterais, o alumeado ou as dotacións de calor, maceteiros, entre outros.

O equilibrio na instalación deste tipo de elementos que ocupan a vía pública é fundamental, un motivo polo que se esixirá unha estética común ou similar a todos os establecementos no que se refire ó mobiliario. As proteccións laterais deberán ser transparentes.

Permitirase a publicidade na instalación de cadeiras e mesas unificando criterios estéticos e consensuando fórmulas. Nas paredes laterais pemitirase publicidade de pequenas dimensións nun lugar colocado estratéxica e discretamente.

Respecto dos parasoles ou os toldos móbiles esixirase para a súa instalación que teñan unha estética acorde coa contorna, é dicir, evitando as tonalidades estridentes.



Non se permitirán cores nin modelos diferentes na mesma terraza.

Art. 11.- Documentación.

1.- A persoa interesada deberá presentar ante o Concello a correspondente solicitude de licenza por tempadas. Para obter a licenza municipal é condición indispensable ter os pagos de anteriores licenzas ó día.

Na solicitude de licenza deberase indicar o número de veladores que ten previsto instalar en cada tempada. Quedará explícito ademais se se colocará tarima e/ou toldo móbil.

Na solicitude deberase indicar de xeito exacto cantos veladores solicita en cada tempada e o mesmo para toldos móbiles e/ou tarimas.

A tarifa de verán abarcará os meses de abril a setembro e a de inverno abranguerá de outubro a marzo. A solicitude do permiso realizarase como mínimo con 1 mes de antelación da entrada en vigor da correspondente tempada, é dicir, febreiro para solicitar a licenza de ocupación da tempada de verán e agosto para a de inverno.

As solicitudes específicas de cada tempada efectuaranse 2 veces ó ano e nas mesmas deberá especificarse o número de veladores que pretende instalar en cada tempada. Esta cantidade deberá quedar claramente especificada e será inmodificable, salvo por circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas e coa preceptiva autorización municipal.

A solicitude deberá conter:

- a) Nome, apelidos, domicilio, teléfono e D.N.I., C.I.F ou tarxeta de residente.
- b) Nome comercial e emprazamento da actividade principal.
- c) Número de veladores que pretende instalar en cada tempada (verán e inverno).
- d) Proposta de todo o mobiliario que se pretende instalar con fotos a color (macetas, xardineiras, valados, aparatos de iluminación e climatización, etc.)
- d) Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil.
- e) As terrazas de veladores poderán dispoñer de climatización e calefacción. Se está previsto a instalación de este tipo de instalacións esíxese unha copia dos certificados técnicos correspondentes, a especificación do número, descrición da estética e características. Para a súa instalación non se permite realizar obras que afecten ó espazo público.
- f) Cando se dispoña de instalación de gas deberá presentarse documentación acreditativa da súa homologación e certificado CEE dos elementos a instalar, así como a certificación de ter pasada a correspondente inspección técnica.



- g) Documento xustificante do ingreso da autoliquidación practicada polo primeiro período impositivo en concepto de ocupación de dominio público.
- h) Documento acreditativo da vixencia e de estar ó corrente no pago da póliza de seguro.
- i) Para poder obter autorización para a terraza de veladores o solicitante non pode ter débedas contraídas co Concello de Barbadás.
- j) Cando o solicitante cambie o mobiliario ou algún elemento complementario, debera comunicalo ó Concello aportando a documentación da modificación, que non deberá alterar as condicións da autorización administrativa.
- k) Se a terraza se pretende instalar en solo privado de uso público pertencente a unha comunidade de propietarios ou a un terceiro, será necesario acompañar á solicitude a autorización escrita da propiedade ou calquera título xurídico que permita a ocupación.
- l) Cando o interesado pretenda instalar tarima exterior deberá presentar informe de seguridade, conservación, salubridade e hixiene da instalación desmontable confeccionado por técnico competente. Igualmente, presentará seguro de responsabilidade civil desta tarima.

2.- A solicitude deberá vir acompañada ademais da seguinte documentación:

- a) Autorización municipal, de ser necesaria, para o exercicio da actividade principal.
- b) Autorización expresa e por escrito dos/das titulares do/s establecemento/s adxacente/s nos supostos previstos no artigo 5.2.
- c) Plano a man alzada do emprazamento do local, con indicación da lonxitude da súa fachada e detalle acoutado da superficie a ocupar pola instalación.

Art 12.- Informes e resolución.

- 1.- Formulada a petición nos termos esixidos nos artigos precedentes e co informe previo da Policía Local, a Autoridade Municipal competente resolverá no prazo regulamentario.
- 2.- O informe da Policía Municipal incluírá o emprazamento, superficie ocupable, número de mesas e cadeiras, etc. da instalación que se autorice.
- 3.- Este plano deberá estar nun lugar visible para o público.
- 4.- A non resolución expresa no prazo de 1 MES terá efectos desestimatorios.

Art. 13.- Condicións da licenza.

- 1.- A licenza sempre se entenderá outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, non podendo ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que incorrese



a persoa titular no exercicio das súas actividades, nin lle exime da necesidade, no seu caso, de obter outras autorizacións.

2.- No documento da licenza fixaranse as condicións da instalación e elementos auxiliares: emprazamento detallado, superficie a ocupar, número de mesas e cadeiras, período de vixencia da autorización e demais particularidades que se estimen necesarias.

3- No caso de toldos móbiles que cubran veladores, tanto en tarimas como na beirarrúa, deberá presentarse o certificado técnico de calidade que garanta a seguridade da instalación.

4.- A licenza entenderase sempre con carácter de precario e a Autoridade Municipal poderá ordenar, de forma razoada, a retirada da vía pública, sen dereito a indemnización ou compensación algunhas, das instalacións autorizadas cando circunstancias de tráfico, urbanización, obras (públicas ou privadas), seguridade e orde pública ou calquera outra de interese xeral así o aconsellen.

5.- A persoa titular da licenza queda obrigada a reparar cantos danos se produzan na vía pública como consecuencia de calquera dos elementos da instalación.

6.- A autoridade municipal poderá reducir o número de veladores no caso de que se comprobe a transmisión de ruídos que orixinen molestias á veciñanza, previo informe da Policía Local.

Art. 14.- Vixencia

1.- As licenzas terán un período máximo de 1 ANO.

2.- Transcorrido o período de vixencia, a persoa titular da licenza ou, no seu caso, a do establecemento correspondente, deberá retirar toda a instalación devolvendo a vía pública ao seu estado anterior.

Art. 15.- Renovación.

1.- Unha vez concedida a licenza, cada vez que se pretenda a súa renovación anual nos mesmos termos e condicións, a persoa interesada deberá solicitala de novo, cumprimentando un modelo de solicitude de renovación, sinxelo e de fácil comprensión, adxunto á ordenanza, acreditando o pago en período voluntario das taxas e a vixencia da póliza de seguros correspondente.

2.- A Administración Municipal poderá manifestar a súa vontade contraria á renovación mediante a incoación dun expediente administrativo. Son motivo de incoación de expediente os seguintes supostos:

a) De iniciarse procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias ou perxuizos derivados do funcionamento da actividade.

b) De apreciarse incumprimento das condicións da autorización ou da propia Ordenanza.

c) Nos casos de falta de pago da taxa correspondente.



d) Cando os veladores ou demais mobiliario poidan supoñer molestias para os/as usuarios/as da vía pública ou para os servizos públicos.

e) Cando se detecte abandono, deterioro ou falta de limpeza.

3.- O titular da autorización administrativa poderá dala de baixa do padrón de veladores cando o desexe ou esperar ata o período de renovación. En todo caso, a baixa ou renuncia da autorización debe realizarse de forma expresa. Deberá acreditar estar ó día no pago das taxas da terraza.

Art. 16- Horario de funcionamento.

1.- Horarios de montaxe, funcionamento e retirada:

a) A actividade da terraza deberá estar concluída ás 00:30 horas (de luns a xoves). Os venres, sábados, domingos e vésperas de festas o devandito horario de peche incrementarase en 1 hora (1,30 horas). Así mesmo, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro o devandito horario de peche incrementarase nunha hora máis (1:30 da madrugada de luns a xoves ou 2:30 da madrugada de venres a domingo). Por último, toda terraza de hostalaría poderá ampliar o horario de peche durante as festas de “San Bernabé” (3:30 da madrugada de luns a xoves ou 4:00 de venres a domingo), sempre que se conte coa autorización da Xunta de Galicia para a ampliación do horario de peche neste tramo.

b) As mesas e cadeiras que non se utilicen, é dicir, aquelas para as que o establecemento non ten autorización, non poderán permanecer apiladas no exterior do establecemento.

c) As proteccións laterais tamén deberán ser recollidas diariamente e agrupadas no exterior do establecemento, coa única excepción de que polo seu peso ou aparatosidade resulte complicado mobilizalas diariamente.

d) Todas as tarimas deberán retirarse periodicamente cada 6 meses para a súa limpeza, desratización e desparasitación que debe ser realizada e certificada pola empresa competente. Esta certificación deberá ser entregada no Concello de Barbadás. En calquera caso, a tarima deberá ser retirada cando finalice o período de vixencia da autorización.

Art. 17.- Obrigacións da persoa titular da licenza.

1.- Sen prexuízo das obrigas de carácter xeral e das que se deriven da aplicación da presente Ordenanza, a persoa titular da licenza queda obrigada a manter tanto o chan, cuxa ocupación se autoriza, así como a propia instalación e os seus elementos auxiliares, en perfectas condicións de limpeza, seguridade e ornato, utilizando para iso todos os medios necesarios tales como papeleiras, cinzeiros, etc.



2.- Dita persoa é responsable das infraccións da Ordenanza de Convivencia Cidadá derivadas do funcionamento e utilización das terrazas e veladores.

3.- Así mesmo, abonará ao Concello as taxas e demais tributos que puidesen corresponderlle, na contía e forma establecidas na presente Ordenanza.

4.- Calquera dano provocado nos espazos públicos ocupados directamente polo/a propietario/a ou polos/as usuarios/as deberá ser sufragado e reparado pola persoa física ou xurídica titular da licenza concedida.

5.- O espazo autorizado deberá estar ben acoutado e os veladores das terrazas colocaranse única e exclusivamente dentro da zona delimitada autorizada.

CAPÍTULO V.- RÉXIME DISCIPLINARIO

Art. 18.- Instalacións sen licenza.

1.- A ocupación de chan de uso público sen licenza mediante estas instalacións considérase infracción e, con independencia do desmonte e retirada de toda a instalación, poderán serlle impostas á persoa responsable as sancións previstas na presente Ordenanza, previa a instrución do correspondente expediente.

2.- A permanencia de terrazas e veladores tras a finalización do período amparado pola licenza será asimilada aos presentes efectos disciplinarios á situación de falta de autorización municipal.

CAPÍTULO VI.- INFRACCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Art. 19.- Infraccións

Será infracción administrativa o incumprimento das obrigacións, prohibicións e requisitos establecidos na presente Ordenanza, así como das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ao seu amparo.

2. Responsabilidade. Serán responsables das infraccións a esta Ordenanza as persoas físicas ou xurídicas titulares das autorizacións administrativas da ocupación de terreos de uso público con finalidade lucrativa.

Art. 20. -Clasificacións das infraccións

As infraccións a esta Ordenanza clasificaranse en moi graves, graves e leves.

Art. 21.- Son infraccións moi graves:

- a) A colocación de 3 veladores ou máis sen autorización.
- b) A colocación de tarimas sen autorización.
- c) Non estar ó día no pago das tarifas correspondentes á ocupación de espazo público.



- d) A comisión de 3 infraccións graves no período dun ano.
- e) Instalación de terrazas sen autorización ou fóra do período autorizado, as cales non se poidan legalizar.
- f) Cesión da explotación da terraza a persoa distinta da titular.
- g) Incumprimento do horario establecido en máis de 2 horas.
- h) Manipulación ou falseamento dos datos, certificados ou da documentación aportada presentados para a obtención da autorización administrativa para instalar veladores ou accesorios.
- i) Incumprimento da obriga de retirar os veladores, así coma do resto do mobiliario cando conclúa o período de vixencia da autorización administrativa.
- j) Incumprimento das condicións técnicas de instalación e dotacións sinaladas na autorización administrativa cando ocasione grave risco para as persoas ou bens.
- k) Incumprimento das medidas cautelares acordadas e da restitución da legalidade ordenada.
- l) O servizo de produtos non autorizados pola licenza de actividade do local ó que se vincula a autorización administrativa de veladores.

Art. 22. - Son infraccións graves:

- a) A colocación de 2 veladores sen autorización.
- b) A ocupación de maior superficie da autorizada en máis dun 20 %.
- c) A instalación de calquera elemento na terraza sen a debida autorización (deben especificarse os elementos na solicitude de licenza tal e como queda recollido no artigo 10 e seguintes).
- d) Non respectar os horarios de peche e apertura da terraza.
- e) Desobedecer as ordes da Autoridade Municipal, así como obstruír o seu labor inspector.
- f) A negativa a recoller a terraza sendo requirido ao efecto pola Autoridade Municipal ou polos/as Axentes da Policía Local con motivo da celebración dalgún acto na zona de localización ou influencia da terraza.
- g) A instalación de terraza fóra do ámbito autorizado polo Concello.
- h) Ceder por calquera título ou subarrendar a explotación da terraza a terceiras persoas.
- i) A celebración de actuacións musicais, culturais, artísticas, deportivas, etc sen autorización municipal.
- j) Colocar fóra da superficie do local aparellos ou equipos amplificadores ou reprodutores de son ou vibracións acústicas. Só se permite o son a un volume razoable (así apreciado polos axentes e segundo a normativa aplicable) no seguinte horario: de 11,00 a 15,30 e de 18,00 a 23,00 horas, horario que



pode ampliarse ata as 00,00 horas en verán. Colocar na fachada de todo o edificio reprodutores de imaxe.

- k) A carencia do seguro de responsabilidade civil obrigatorio.
- l) A comisión de 3 faltas leves no período dun ano.
- m) O exceso de entre 1 hora e 2 no horario establecido.
- n) Produción de molestias acreditadas á veciñanza ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación.
- ñ) A falta de presentación do documento acreditativo da autorización administrativa de veladores e do plano de aquela ós axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
- p) Negativa ou obstaculización á labor inspectora.
- q) Apilar no exterior do local mesas e cadeiras que non se utilicen, é dicir, aquelas para as que o establecemento non ten autorización.
- r) Deterioro dos elementos do mobiliario urbano e/ou ornamentais producidos como consecuencia da terraza.
- s) A non restitución do pavimento ó seu estado orixinal.
- t) Ocupación de viarios, zonas verdes ou axardinadas coa terraza cando non estea autorizada.
- u) Instalar terrazas sen autorización ou fóra do período autorizado.
- v) Colocación de elementos que impidan ou dificulten o acceso a edificios, locais comerciais ou de servizos, pasos de peóns sinalizados, saídas de emerxencias, entradas de carruaxes autorizados polo Concello de Barbadás, visibilidade de sinais de circulación, ocupación de bocas de rego, hidrantes, rexistros da rede de sumidoiros, báculos de alumeado, paradas de transporte público, centros de transformación e arquetas de rexistro dos servizos públicos. Tamén cando se obstaculicen zonas de paso peonil, acceso a centros ou locais públicos ou privados e o tránsito de vehículos de emerxencia.
- w) Carencia de limpeza ou decoro das instalacións ou dos elementos que compoñen o velador durante o horario de uso das mesmas.

Art. 23 -. Son infraccións leves:

- a) A colocación de 1 velador sen autorización.
- b) A ocupación de maior superficie da autorizada en máis de 10% e menos de 20 %.
- c) Non asegurar os elementos móbiles da terraza apilados durante o tempo en que permaneza pechado ao público o establecemento hostaleiro.



- d) Non ter en lugar visible a autorización municipal expedida polo Concello de Barbadás, así coma o plano dos veladores ou tarimas autorizados.
- e) Almacenar ou apilar produtos, envases ou residuos na zona de terraza ou en calquera lugar da vía pública.
- f) Deterioro leve do mobiliario da terraza.
- g) Cando non se comunique ó Concello o cambio producido no mobiliario ou algún elemento complementario autorizado.
- h) Instalar ou utilizar mesas, cadeiras ou parasoles de características distintas ás indicadas na licenza.
- i) Exceso de ata 1 hora do horario establecido.
- j) Os incumprimentos da presente ordenanza que non estean cualificados como graves ou moi graves.

Art. 24 -. Das Medidas Cautelares.

1. As medidas cautelares que se poden adoptar para esixir o cumprimento da presente Ordenanza consistirán na retirada inventariada do mobiliario e demais elementos da terraza nos supostos establecidos no punto 2 apartado b) do presente artigo, así como o seu depósito en dependencias municipais.

2. Potestade para adoptar medidas cautelares:

a) O órgano competente para iniciar o procedemento sancionador, por propia iniciativa ou a proposta de instrutor, poderá adoptar motivadamente as medidas cautelares de carácter provisional que sexan necesarias para asegurar a eficacia da resolución final que puidese recaer.

b) Así mesmo, os Servizos de Inspección e a Policía Local, por propia autoridade, están habilitados para adoptar medidas cautelares que fosen necesarias para garantir o cumprimento da presente ordenanza, nos seguintes supostos:

- 1. Instalación de terraza sen autorización municipal.
- 2. Ocupación de maior superficie da autorizada, coa finalidade de recuperar a dispoñibilidade do espazo indebidamente ocupado para o goce dos peóns.
- 3. Instalación de maior número de veladores dos que foron autorizados polo Concello.
- 4. Non ter actualizados os pagos en base á autorización municipal de ocupación da vía pública

Nestes supostos os/as axentes da Policía Local requirirán ao/á titular ou persoa que se atope ao cargo do establecemento para que proceda á inmediata retirada da terraza ou á recuperación do espazo indebidamente ocupado. De non ser atendido o requirimento, os/as axentes da Policía Local solicitarán a presenza dos servizos municipais que correspondan para que procedan á súa retirada,



efectuando a correspondente liquidación dos gastos ocasionados pola prestación do devandito servizo, segundo o establecido na presente ordenanza.

No caso de que os/as propietarios/as non as retirasen as mesas e cadeiras, así coma o resto de elementos permanecerán en dependencias municipais.

Art.- 25. Sancións

As infraccións a esta Ordenanza darán lugar á imposición das seguintes sancións.

1. As infraccións moi graves.

Multa de 1.001,00 € a 2.000,00 € e retirada inmediata da instalación e anulación da autorización municipal durante toda a anualidade corrente.

Multa de 1.001,00 € a 2.000,00 € pola sucesión de 3 faltas graves en 1 ano.

2. As infraccións graves:

Multa de 301,00 € a 1.000,00 € e redución do 20% dos veladores da autorización durante un mes.

Multa de 301,00 € a 1.000,00 € pola sucesión de 3 faltas leves en 1 ano.

3. As infraccións leves:

Multa de ata 300,00 € e redución de 3 veladores concedidos na autorización durante 1 mes

Art.- 26. Procedemento Sancionador

En canto ao procedemento sancionador, este axustarase ao disposto na Lei 30/1992 de 26 de Novembro, do réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común e ao Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora e demais normativa específica de vixente aplicación. Tamén se axustará ó procedemento sancionador á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

CAPÍTULO VII.- TAXAS POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON TERRAZAS E ESTRUTURAS AUXILIARES

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola ocupación de terreos de uso público con terrazas e estruturas auxiliares, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Art.-27. Natureza e feito imponible



Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, con motivo da instalación de terrazas e estruturas auxiliares en xeral de establecementos dedicados á hostalaría na vía pública con mesas, cadeiras, toldos móbiles, tribunas, e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

Art.-28. Suxeitos Pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que constitúe o feito imponible.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa e modulada de acordo coa extensión e elementos de delimitación da ocupación.

Art.-29. Tarifas

1.- O importe da taxa calcularase de acordo co número de mesas ou veladores instalados, pola instalación de tribunas e tarimas e pola instalación de toldos móbiles.

2.- Táboa de tarifas ordinarias por conxunto de mesa e cadeiras.

- Mesas e cadeiras. Por cada mesa con catro cadeiras: 8€/mes na tempada de verán e 6€/mes na tempada de inverno.

- Mesas e cadeiras baixo toldo móbil. Por cada mesa con catro cadeiras: 10€/mes na tempada de verán e 8€/mes na tempada de inverno.

- Mesas e cadeiras sobre tarima. Por cada mesa con catro cadeiras: 10€/mes na tempada de verán e 8€/mes na tempada de inverno.

- Mesas e cadeiras baixo toldo móbil e sobre tarima. Por cada mesa con catro cadeiras: 12€/mes na tempada de verán e 10€/mes na tempada de inverno.

- Pulpeiras, churrerías e venda ambulante de comida: 0,48€ m²/día, (máximo 50 euros/mes)

Art.-30. Deveno

Devéngase a taxa e nace a correspondente obriga de contribuír no momento de iniciarse a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, é dicir, dende que se expide a correspondente autorización administrativa. O deveno e esixibilidade desta taxa é independente e compatible, por tanto, con calquera outra taxa por ocupación da vía pública.

Art.-31. Xestión

No momento de solicitar a autorización para a ocupación da vía pública efectuarase o ingreso do importe correspondente á totalidade da cota tributaria resultante en concepto de depósito previo, a



conta da liquidación definitiva que se efectuará, no seu caso, no momento de concesión da licenza oportuna.

Art.-32. Normas xerais

1. As cantidades esixibles liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado polo período de tempo sinalado salvo que, por resolución motivada, se revogue a autorización concedida. Nese caso procederase á devolución da parte proporcional correspondente das taxas abonadas como consecuencia do aproveitamento, sen dereito a indemnización algunha.

2. As contías resultantes serán aplicadas integramente ás ocupacións solicitadas ou realizadas, sen prexuízo de que, con arranxo á normativa vixente, se incoe o oportuno expediente sancionador polos aproveitamentos que excedan das correspondentes autorizacións.

3. Nos casos de ocupación en vía pública sen licenza ou excedéndose da superficie autorizada para a utilización privativa ou aproveitamento especial, de non cesar de forma inmediata esta ocupación tras ser requirido o obrigado, a Administración poderá retirar os obxectos ou desmontar as instalacións polos seus propios medios ou ben por execución subsidiaria á conta do infractor, de acordo co previsto no art. 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. O importe dos gastos, danos e prexuízos ocasionados será independente da taxa e da sanción que deveña en virtude de expediente sancionador.

4. A autorización expedida polo Concello deberá exhibirse á Inspección Municipal cantas veces lle fose requirida.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA.- A presente Ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

SEGUNDA.- Autorízase expresamente á Autoridade Municipal competente para o outorgamento de licenzas, a interpretar, aclarar e desenvolver a presente Ordenanza, conforme aos principios recollidos na vixente lexislación sobre procedemento administrativo común.

En Barbadás a 11 de abril de 2017

O Alcalde

Xosé Carlos Valcárcel Doval